



DECRETO DE ALCALDÍA

Asunto	: inicio expediente de contratación
Órgano contratación	: alcaldía
Tipo de contrato	: obras
Actuación	: mellora de camiños municipais na ZCP de Fontecada, S. Mamede de Bazar, e Coristanco – Santa Comba
Obra/Proxecto	: proxecto de mellora de camiños municipais na ZCP de Fontecada, S. Mamede de Bazar, e Coristanco – Santa Comba
Procedemento contratación	: aberto simplificadoísimo. Art. 159.6 LCSP
Valor estimado	: 48.394,12 euros
IVE (21%)	: 10.162,77 euros
Orzamento base licitación	: 58.556,89 euros
Duración/Prazo execución	: un (1) mes
División en lotes	: Non
Código expte. contratación	: 2024/C003/000002
Código expediente axuda	: 2024/A008/000002
Plan	: Plan de rehabilitación de camiños en zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023-2024 (código de procedemento MR101L).

Visto o expediente que se tramita de solicitude dunha axuda ao abeiro da Orde do 11 de decembro de 2023 polo que se regula o Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023 – 2024 de mellora de camiños municipais de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria rematadas, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014 – 2020 (código procedemento MR101L) (DOG núm. 242 do venres 22 de decembro de 2023), e

Visto o expediente que se instrúe para a contratación das obras comprendidas no “Proxecto de mellora de camiños municipais na zona de concentración parcelaria de Fontecada, San Mamede de Bazar, e Coristanco – Santa Comba”, cun valor estimado de 48.394,12 euros e 10.162,77 euros de IVE (21%), que ascende a un total de 58.556,89 euros; cun prazo de execución de UN (1) mes; e atendendo os seguintes

CONSIDERANDO E ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- A Orde do 11 de decembro de 2023 polo que se regula o Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023 – 2024 de mellora de camiños municipais de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria rematadas, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014 – 2020 (código procedemento MR101L) (DOG núm. 242 do venres 22 de decembro de 2023).

Segundo.- O Decreto da alcaldía núm. 95/2024, do 19 de xaneiro, se resolve solicitar a participación do Concello de Santa Comba no referido Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023 – 2024 de mellora de camiños municipais de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria rematadas, ao abeiro da Orde do 11 de decembro de 2023 (DOG núm. 242 do venres 22 de decembro de 2023), de acordo coa seguinte táboa de gasto previsto:

Importe execución 3 proxectos (sen IVE)	Importe control calidade (sen IVE)	Importe total actuacións (sen IVE)	Asignación AGADER
185.048,27 euros	2.170,00 euros	187.218,27 euros	186.155,38 euros
Importe IVE 3 proxectos	Importe IVE control de calidade	Importe IVE total actuacións	Achega municipal total (IVE: 39.315,84 € + diferenza axuda: 1.062,89 €)
38.860,14 euros	455,70 euros	39.315,84 euros	40.378,73 euros



CONCELLO DE SANTA COMBA

Terra de Xallas

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tífs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716
Web: www.santacomba.es eMail: correo@santacomba.dicoruna.es

Coa citada solicitude de participación no referido plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023 – 2024, o Concello de Santa Comba presenta as actuacións a executar ao abeiro deste plan:

1.- “PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SANTA MARÍA DE ALÓN”, cun orzamento base de licitación que ascende a un total de 125.786,70 euros.

2.- “PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE S. PEDRO DE SER, E CÍCERE – GRIXOA - MALLÓN”, cun orzamento base de licitación que ascende a un total de 39.564,82 euros.

3.- “PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE FONTECADA, S. MAMEDE DE BAZAR, E CORISTANCO – SANTA COMBA”, cun orzamento base de licitación que ascende a un total de 58.556,89 euros.

Asemade, considerando que a citada Orde do 11 de decembro de 2023 indica que serán os concellos os responsables de contratar o servizo de control de calidade das obras que se executen ao abeiro do presente Plan, e para o que se estima un gasto de 2.170,00 euros, e 455,70 euros de IVE, que ascende a un importe total de 2.625,70 euros.

Terceiro.- A Resolución da Directora Xeral de Desenvolvemento Rural, de data 26 de abril de 2024, de concesión de axuda ao abeiro do Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023 – 2024, notificada electronicamente con data de 30/04/2024, e pola que se concede a este concello unha axuda por un importe de 186.155,38 euros equivalente ao 100% do orzamento aceptado, e de acordo coa seguinte desagregacións:

Proxecto	Orzamento presentado	Orzamento aprobado
Mellora de camiños municipais na zona de concentración parcelaria de Santa María de Alón	103.955,95 €	103.955,95 €
Mellora de camiños municipais na zona de concentración parcelaria de San Pedro de Ser, e Cícere – Grixoa - Mallón	32.698,20 €	32.698,20 €
Mellora de camiños municipais na zona de concentración parcelaria de Fontecada, S. Mamede de Bazar, e Coristanco - Santa Comba	48.394,12 €	48.394,12 €
Total Proxectos de Obra	185.048,27 €	185.048,27 €
Control de calidade	2.170,00 €	2.170,00 €
TOTAL	187.218,27 €	187.218,27 €

Máxima contía da subvención	186.155,38 €
Importe da subvención	186.155,38 €

Cuarto.- O decreto de alcaldía núm. 673/2024, do 03 de maio, co asunto “*aceptación axuda plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023 – 2024*”, e polo que se resolve, entre outros, aceptar a subvención concedida; e que pola intervención municipal se proceda á realización dos documentos administrativos e contables necesarios para realizar a xeración de crédito e posterior retención de crédito correspondente, segundo o cadro de financiamento recollido no epígrafe segundo deste considerando e antecedentes de feito.

Quinto.- O “PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE FONTECADA, S. MAMEDE DE BAZAR, E CORISTANCO – SANTA COMBA”, cun valor estimado de 48.394,12 euros e 10.162,77 euros de IVE (21%), que ascende a un total de 58.556,89 euros; cun prazo de execución de UN (1) mes; con data de xaneiro de 2024 e redactado polo arquitecto Manuel Rodríguez Mourelle, colexiado núm. 5.096 do COAG.

Consta no expediente, a acta de replanteo previo, de data de 07 de xuño de 2024, emitida polo redactor do proxecto, o arquitecto Manuel Rodríguez Mourelle, colexiado núm. 5.096 do COAG, na que se indica que “Se realizaron las operaciones de replanteo necesarias para la comprobación geométrica de las obras. Se comprueba la disponibilidad de los terrenos precisos para la normal ejecucion de las mismas”.



CONCELLO DE SANTA COMBA

Terra de Xallas

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tlfs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716
Web: www.santacomba.es eMail: correo@santacomba.dicoruna.es

Sexto.- Que consta no expediente informe técnico municipal definitivo ao proxecto, asinado pola arquitecta externa da oficina de urbanismo con data de 11 de xuño de 2024, e no que consta a seguinte conclusión:

"Nestas condicións, o expediente recibe un informe técnico FAVORABLE para as obras relativas a Mellora de camiños municipais nas zonas de concentración parcelaria de Fontecada, San Mamede de Bazar e Coristanco- Santa Comba.

Deberá tramitarse as correspondente autorización sectorial para a afección relacionada:

- Declaración Responsable de Actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía ante Augas de Galicia por afectar as obras á zona de servidume ou de policía de augas.

- Autorización ou informe favorable da Deputación Provincial de A Coruña por afectar as obras á zona de dominio público viario ou zona de protección dunha estrada de titularidade provincial".

Sétimo.- Autorizacións sectoriais: Por último, á vista do informe técnico ao proxecto emitido polo técnico externo municipal e logo das correspondentes solicitudes, consta no expediente a seguinte documentación:

- **Comunicación de Declaración responsable**, do organismo Augas de Galicia da Xunta de Galicia, de data 06 de febreiro, con clave de expediente **DH.W15.98394**, pola que se comunica que a *Declaración responsable de actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía (código procedemento AU113C)* para mellora de camiños municipais na zona de concentración parcelaria de Fontecada, San Mamede de Bazar e Coristanco – Santa Comba, presentada por este concello con data de 31/01/2024 cumpre cos requisitos establecidos no Decreto 42/2020, do 30 de xaneiro, polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas.

- **Resolución do presidente da Deputación Provincial da Coruña**, de data 07 de marzo de 2024, pola que se concede a autorización para a mellora de camiños municipais nas zonas de concentración parcelaria de Fontecada, San Mamede de Bazar e Coristanco – Santa Comba (047f2 – Pavimentación de camiños que entroncan coa estrada), na DP2904 – Coristanco a Santa Comba, punto quilométrico 9+590 marxe esquerda, ao Concello de Santa Comba. **Expediente 2024000002525**, debendo executar as obras, instalacións ou actividades conforme as condicións particulares e condicións xenericas que se fixan na resolución.

Oitavo.- Que existe consignación orzamentaria suficiente na partida 454.61900 e 454.21000 do estado de gasto dos orzamentos municipais en vigor para o exercicio 2024, segundo se acredita co documento contable de Retención de Crédito de data 07/05/2024 polo importe de 186.155,38 euros (achega Medio Rural) e co documento contable de Retención de Crédito para Transferencias de data 07/05/2024 e polo importe de 40.378,73 euros (achega municipal), asinados polo interventor municipal coa mesma data do 07/05/2024.

Noveno.- Que por decreto de alcaldía núm. 913/2024, do 14 de xuño, resólvese aprobar o proxecto de obra contido no expediente de referencia, denominado PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE FONTECADA, S. MAMEDE DE BAZAR, E CORISTANCO – SANTA COMBA", cun valor estimado de 48.394,12 euros e 10.162,77 euros de IVE (21%), que ascende a un total de 58.556,89 euros; cun prazo de execución de UN (1) mes; con data de xaneiro de 2024 e redactado polo arquitecto Manuel Rodríguez Mourelle, colexiado núm. 5.096 do COAG.

Asemade, resólvese declarar a non procedencia de división do obxecto do contrato.

Décimo.- Consta no expediente "Informe do órgano de contratación ao expediente de contrato de obra, relativo á xustificación da necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación (art. 28 da Lei 9/2017), e xustificación dos elementos indicados no artigo 116 da LCSP 9/2017", asinado pola alcaldía con data do 14 de xuño de 2024, e no que se indica, entre outros, o seguinte:

<<

Obxecto do contrato



O presente contrato de obra ten como obxecto a mellora de camiños municipais no Concello de Santa Comba, concretamente na Zona de Concentración Parcelaria (en adiante ZCP) de Fontecada, S. Mamede de Bazar, e Coristanco – Santa Comba. Esta obra é financiada pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, mediante a axuda concedida ao abeiro da Orde do 11 de decembro de 2023 polo que se regula o Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023 – 2024 de mellora de camiños municipais de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria rematadas, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014 – 2020 (código procedemento MR101L) (DOG núm. 242 do venres 22 de decembro de 2023),

As obras a executar son as comprendidas no proxecto de mellora de camiños municipais na ZCP de Fontecada, San Mamede de Bazar, e Coristanco – Santa Comba, redactado polo arquitecto Manuel Rodríguez Mourelle, colexiado núm. 5.096 do COAG, con data de xaneiro de 2024, cun orzamento base de licitación que ascende a 58.556,89 euros, un prazo de execución de un (1) mes.

Por elo, tendo en conta o elevado número de camiños existentes, especialmente no rural, e co fin de mellorar e facilitar a accesibilidade á poboación en xeral e ás explotacións agrarias que cada vez máis demandan melloras en pistas agrarias para mellorar as necesidades dende o punto de vista do tránsito de maquinaria destinada ao sector agro gandeiro; e ao mesmo tempo procurando satisfacer as comunicacións e mellorar a seguridade da circulación entre os distintos núcleos de poboación dispersos ao longo da xeografía municipal, consideramos que está xustificada a necesidade de levar a cabo a execución das obras proxectadas, xa que logo as mesmas permitirán a mellora da rede viaria para favorecer os accesos ás explotacións agrarias e, en consecuencia, mellorar a comunicación entre núcleos de poboación así como da seguridade tanto para vehículos e viandantes

Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación, e insuficiencia de medios:

Visto o expediente que se tramita de solicitude dunha axuda ao amparo da Orde do 11 de decembro de 2023 polo que se regula o Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023 – 2024 de mellora de camiños municipais de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria rematadas, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014 – 2020, para a execución das actuacións incluídas no proxecto de mellora de camiños municipais na zona de concentración parcelaria de Fontecada, San Mamede de Bazar, e Coristanco – Santa Comba, e

Considerando que a presente actuación está financiada pola referida liña de axudas do Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023 – 2024, enténdese que está xustificada a necesidade do contrato, xa que logo:

- a actuación pretende, tal e como se indicou con anterioridade, principalmente mellorar e facilitar a accesibilidade ás explotacións agrarias así como para mellorar as necesidades dende o punto de vista do tránsito de maquinaria destinada ao sector agro gandeiro, e ao mesmo tempo mellorar as conexións e a seguridade da circulación entre os distintos núcleos de poboación dispersos ao longo da xeografía municipal.

- a intensidade da axuda ascende ao 100% do investimento total a realizar agás a partida referida ao 21% de IVE, polo que se entende que é unha axuda beneficiosa para o concello dende o punto de vista da eficiencia económica.

- o artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, bases de réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril), (LBRL), indica que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

- o artigo 25.2 da mesma Lei de bases do réxime local, indica que o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materias de diversa índole e natureza, que para este caso en concreto poden ser as que seguen:

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

- Por outra banda, en termos similares, o artigo 80.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, (LALGA), (DOG núm. 149, do 05/08/1997, que establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar



todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

O artigo 80.2. da mesma lei de Administración Local de Galicia, indica que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos que a lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma nas seguintes materias:

d) A ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; a promoción e xestión de vivendas; os parques e xardíns; a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais.

- O proxecto a acometer é a mellora de camiños municipais na ZCP de Fontecada, San Mamede de Bazar, e Coristanco Santa Comba

A tal fin o arquitecto Manuel Rodríguez Mourelle, colexiado núm. 5.096 do COAG, elaborou o proxecto de mellora de camiños municipais na ZCP de Fontecada, San Mamede de Bazar, e Coristanco Santa Comba, con data de xaneiro de 2024, cun orzamento base de licitación que ascende a 58.556,89 euros, e un prazo de execución de un (1) mes.

Por todo elo, e tendo en conta que o Concello de Santa Comba non dispón de medios materiais nin de persoal técnico especializado nin suficientemente cualificado que poida realizar a obra de referencia, e que no caso de contratar persoal cualificado así como adquirir os medios materiais necesarios, incorreríase nun custo elevado para o concello e non se acadaría a eficiencia e eficacia esperada do contrato de obra, é polo que dende a alcaldía considérase que este contrato é necesario e idóneo para cumprir os fins e intereses municipais establecidos no artigo 28 da LCSP 9/2017.

Procedemento de contratación

O procedemento de contratación elixido, de acordo co valor estimado do proxecto así como o prazo de execución do mesmo e os prazos establecidos para a xustificación da realización do obxecto da axuda, e ao abeiro do artigo 159 da LCSP 9/2017, de 8 de novembro, será o procedemento aberto simplificado abreviado ou simplificado.

O procedemento de adxudicación, a xustificación, e a tramitación do expediente

a) O procedemento de adxudicación: procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación con criterios cuantificables mediante fórmulas, non suxeito a unha regulación harmonizada.

b) A xustificación da elección do procedemento:

O procedemento de contratación elixido, tendo en conta o breve espazo de tempo para a tramitación do expediente de contratación e xustificación da axuda perante a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, e ao abeiro do artigo 159.6 da LCSP 9/2017, de 8 de novembro, será o procedemento aberto simplificado.

- contrato da obra non está suxeito a regulación harmonizada xa que logo o valor estimado non é igual ou superior a 5.380.000 € (artigo 20.1 da LCSP).

- A adxudicación realizarase, ordinariamente, usando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor calidade-prezo, e usando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido (artigo 131.2 da LCSP).

- O órgano de contratación poderá acordar o uso dun procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando se cumpran as dúas condicións:

a) Que, o seu valor estimado sexa inferior a 80.000 euros;

b) Que, entre os criterios de adxudicación non haxa ningún avaliable mediante un xuízo de valor.

- No procedemento aberto todo empresario poderá presentar unha proposición e quedará excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores (artigo 156.1 da LCSP).



CONCELLO DE SANTA COMBA

Terra de Xallas

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tífs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716
Web: www.santacomba.es eMail: correo@santacomba.dicoruna.es

- Non se atende única e exclusivamente ao prezo máis baixo. A adxudicación dos contratos ser realizará usando unha pluralidade de criterios de adxudicación na base da mellor relación calidade-prezo (artigo 145 da LCSP).

- A mellor relación calidade-prezo se avaliará de acordo a criterios económicos e cualitativos (artigo 145.2 da LCSP).

- A aplicación de máis dun criterio de adxudicación procederá, en todo caso, na adxudicación dos contratos nos que o órgano de contratación considere que a definición da prestación é susceptible de ser mellorada por outras solucións técnicas ou por reducións no prazo de execución (artigo 145.3.b da LCSP).

- O prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que se usará é o que aprobou o Pleno da Deputación provincial da Coruña, en sesión celebrada o 26 de febreiro de 2021, xa que logo, e a pesares de que a obra non está incluída nun plan provincial, considéranse que son válidos para a licitación das obras de referencia. Nos pregos mencionados determináanse os criterios de adxudicación e a valoración que a realizarán os órganos de contratación municipais.

c) A tramitación: ordinaria.

d) Para os efectos do cumprimento dos principios de publicidade, concorrência e competitividade, o procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática anunciarase no Perfil de Contratante municipal (artigo 159.6 da LCSP e a cláusula 10 do PCAP).

División en lotes

No presente contrato non procede a división do mesmo en lotes, por tratarse dunha obra completa, e ao abeiro do epígrafe b) do número 3 do artigo 99 da LCSP 9/2017, do 8 de novembro, xa que logo a realización independente de diversas prestacións e/ou unidades de obra comprendidas no obxecto do contrato dificultará a execución do mesmo dende o punto de vista técnico.

Para este caso en concreto, o alcalde, no decreto núm. 913/2024, do 14 de xuño, logo de xustificar os motivos, resolveu non dividir en lotes obxecto do contrato, de acordo co establecido no citado epígrafe b) do punto 3 do artigo 99 da LCSP 9/2017.

Revisión de prezos

De conformidade co disposto no artigo 103.5 LCSP non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos do presente contrato e por tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

As obras comprendidas nos tres proxectos presentados a este plan de rehabilitación de camiños en zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023-2024, xunto co Control de Calidade das mesmas, están financiadas pola Consellería do Medio Rural ao abeiro do citado Plan de rehabilitación de camiños en ZCP 2023-2024, segundo se indica na seguinte táboa:

Importe execución 3 proxectos (sen IVE)	Importe control calidade (sen IVE)	Importe total actuacións (sen IVE)	Asignación AGADER
185.048,27 euros	2.170,00 euros	187.218,27 euros	186.155,38 euros
Importe IVE 3 proxectos	Importe IVE control de calidade	Importe IVE total actuacións	Achega municipal total (IVE: 39.315,84 € + diferenza axuda: 1.062,89 €)
38.860,14 euros	455,70 euros	39.315,84 euros	40.378,73 euros

Clasificación do contratista. Solvencia económica e financeira e solvencia técnica

Para concorrer á presente licitación non se require dispor da clasificación.



Clasificación.

Non se esixe por razón da contía, de conformidade co disposto no art. 159.6 en relación co art. 77.1.a LCSP.

Solvencia económica e financeira e solvencia técnica requirida a empresas españolas e estranxeiras non comunitarias, cando non sexa esixible a clasificación; a empresas non españolas de estados membros da Unión Europea ou dos estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

Polo que respecta á acreditación da solvencia económica e financeira (art. 87) e técnica (art. 88), de conformidade co disposto no art. 159.6.b) eximirase aos licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e solvencia técnica.

Os criterios de adjudicación

Os criterios de adjudicación que rexerán a adjudicación, así como a súa valoración, son os seguintes:

1 A puntuación atribuída por todos os criterios considerados está referida a 100 puntos.

CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA O PRESENTE CONTRATO

TIPO DE CRITERIO	DENOMINACIÓN		PUNTUACIÓN ASIGNADA
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	OFERTA ECONÓMICA		60 puntos
	ESTABILIDADE NO EMPREGO	Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa	Non aplica
		Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa	Non aplica
		Contratación desempregados	Non aplica
	IGUALDADE		Non aplica
	REDUCCIÓN PRAZO DE EXECUCIÓN		30 puntos
	INCREMENTO DO PRAZO DE GARANTÍA		10 puntos

Determinación dos criterios de adjudicación: cuantificables de forma automática

REDUCCIÓN DO PRAZO

Redución do prazo de execución : ata 30 puntos

Asígnase a máxima puntuación (30 puntos) á/s proposicións que oferten unha redución do prazo de execución maior, valorándose as restantes proposicións presentadas de forma proporcional, en regra de tres simple. Non serán admitidas aquelas ofertas que propoñan un prazo de execución superior ao establecido no proxecto.

O prazo de execución que conteña a oferta ao igual que o establecido no proxecto entenderase en días naturais.

No suposto en que no proxecto figure o prazo de execución por meses enténdese que estes son de 30 días naturais.

PREZO/OFERTA ECONÓMICA

Oferta económica : ata 60 puntos

Asignarase a máxima puntuación (60 puntos) á/s proposicións que oferte a baixa económica de maior importe, valorándose as restantes proposicións presentadas de forma proporcional, en regra de tres simple. Non serán admitidas aquelas ofertas que propoñan un prezo/oferta económica de execución superior ao orzamento base de licitación establecido no proxecto.

Aos efectos da avaliación deste criterio, segundo o modelo de proposición que presentarán os licitadores, terase en conta o importe ofertado por cada licitador excluído o IVE.



INCREMENTO DO PRAZO DE GARANTÍA

Incremento do prazo de garantía : ata 10 puntos

Asignarase a máxima puntuación (10 puntos) ás proposicións que oferte o maior incremento do prazo de garantía e ao resto dos licitadores asignaráselle a puntuación que corresponda como consecuencia da aplicación da proporción correspondente á súa oferta.

Só se valorarán a ampliación do prazo de garantía ata un máximo de 3 anos (é dicir, o prazo inicial de 1 ano máis 2 anos).

Se algunha oferta presenta maior prazo de garantía do previsto no parágrafo anterior terán 0 puntos. No entanto, aínda que se puntúe con 0 puntos, caso de resultar adxudicataria, a empresa deberá cumprir o prazo de garantía máximo de 3 anos.

Criterio de desempate

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que, ao vencemento do prazo de presentación de ofertas, teña no seu persoal unha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ao que lles impoña a normativa.

Neste suposto, se varias empresas licitadoras das que empataran canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao que lles impoña a normativa, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

De acordo coa Disposición adicional primeira do Real decreto 20/2020 do 29 de maio, polo que se aproba o ingreso mínimo vital, na que se establece que a condición de figurar como beneficiario do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación servirá para os efectos de cómputo da porcentaxe a que se refire o artigo 147.2 a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no caso de persistir o empate terán preferencia as empresas que teñan unha maior porcentaxe de contratación de traballadores beneficiarios do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación.

Para estes efectos deberán presentar a documentación acreditativa.

O sorteo no caso de que os anteriores criterios non desen lugar a desempate.

O prezo do contrato, a retención de crédito e o financiamento:

O prezo do contrato:

Base imponible : 48.394,12 euros
Importe IVE : 10.162,77 euros
Total : 58.556,89 euros

Valor estimado : 48.394,12 euros

Retención de crédito

Partida orzamentaria : 454.61900 e 454.21000
Retención Crédito de data : 07/05/2024 (asinado electronicamente o 07/05/2024)
Operación núm. : 22024000545 e 22024000546
Importe : 186.155,38 euros e 40.378,73 euros

Financiamento

ESTADO	MEDIO RURAL XUNTA DE GALICIA	DEPUTACIÓN DA CORUÑA	ACHEGA FONDOS PROPIOS
0 €	186.155,38 €	0 €	40.378,73 €

Autorización sectoriais, se fose o caso. Tributos e proxectos de instalación



CONCELLO DE SANTA COMBA

Terra de Xallas

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tífs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716
Web: www.santacomba.es eMail: correo@santacomba.dicoruna.es

Serán parte esencial do contrato, quedando o adxudicatario obrigado a cumprir coas obrigas neles establecidas, as seguintes autorizacións sectoriais:

- **Comunicación de Declaración responsable**, do organismo Augas de Galicia da Xunta de Galicia, de data 06 de febreiro, con clave de expediente **DH.W15.98394**, pola que se comunica que a Declaración responsable de actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía (código procedemento AU113C) para mellora de camiños municipais na zona de concentración parcelaria de Fontecada, San Mamede de Bazar e Coristanco – Santa Comba, presentada por este concello con data de 31/01/2024 cumpre cos requisitos establecidos no Decreto 42/2020, do 30 de xaneiro, polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas.

- **Resolución do presidente da Deputación Provincial da Coruña**, de data 07 de marzo de 2024, pola que se concede a autorización para a mellora de camiños municipais nas zonas de concentración parcelaria de Fontecada, San Mamede de Bazar e Coristanco – Santa Comba (047f2 – Pavimentación de camiños que entroncan coa estrada), na DP2904 – Coristanco a Santa Comba, punto quilométrico 9+590 marxe esquerda, ao Concello de Santa Comba. **Expediente 2024000002525**, debendo executar as obras, instalacións ou actividades conforme as condicións particulares e condicións xénericas que se fixan na resolución.

Asemade, o adxudicatario deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato, así como sobre a obtención a licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, se procede, e o aboamento de calquera tributo relacionado co establecido no presente apartado.

Santa Comba (na data da sinatura electrónica deste documento)

O alcalde
Alberto Romar Landeira
>>

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.- A subscrición de contratos por parte das administracións públicas requirirá a tramitación previa do correspondente expediente, que será iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos nos artigos 28 e 116 da LCSP. Deberá ser publicado no Perfil de Contratante.

2.- A duración da obra é inferior aos dous anos polo non procederá en ningún caso a revisión periódica e predeterminada de prezos deste contrato e polo tanto non se aplicará fórmula ningunha de revisión, ao abeiro do artigo 103.5 da LCSP.

3.- Correspóndenlles aos alcaldes e aos presidentes das entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de €, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada, ao abeiro do apartado 1 da Disposición adicional segunda da LCSP.

Á vista do anterior, ao abeiro da Disposición adicional segunda e artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público,

RESOLVO

Primeiro.- Declarar a non procedencia da revisión de prezos que se motiva no prazo de execución das obras que é inferior aos dous anos e na natureza das obras. No PCAP farase constar a non procedencia da revisión de prezos polo motivos indicados arriba.

Segundo.- Iniciar o expediente de contratación para a execución das obras mencionadas mediante o procedemento aberto simplificadoísimo con multiplicidade de criterios de valoración cuantificables mediante



CONCELLO DE SANTA COMBA

Terra de Xallas

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña). Tlfs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716
Web: www.santacomba.es eMail: correo@santacomba.dicoruna.es

fórmulas automáticas, non suxeito a regulación harmonizada, tramitación ordinaria, ao abeiro do artigo 159.6 da LCSP 9/2017, do 8 de novembro.

Terceiro.- Que, polo departamento de Contratación se incorpore ao expediente os documentos que indican nos artigos 116, 122 e 124 da LCSP:

- o PCAP;
- o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa (consta no expediente);
- a elección do procedemento e a dos criterios que se terán en conta para adxudicación do contrato (consta no expediente);
- a acreditación da dispoñibilidade de todo o financiamento de distinta procedencia (consta no expediente);
- a decisión sobre revisións de prezos (consta no expediente e resólvese neste decreto);
- a decisión de non división en lotes (consta no expediente – decreto de alcaldía núm. 913/2024, do 14 de xuño, de aprobación do proxecto de referencia neste expediente);
- a resolución ou acordo de aprobación do proxecto da obra (consta no expediente – decreto de alcaldía núm. 913/2024, do 14 de xuño, de aprobación do proxecto de referencia neste expediente);
- a implantación do proxecto que establece o artigo 236.1 LCSP (consta no expediente).

Cuarto.- Que unha vez sexa incorporada a documentación indicada e antes da aprobación do expediente, se emitan os informes seguintes de acordo co establecido no punto número 3 e 8 da disposición adicional terceira da LCSP 9/2017, do 8 de novembro:

- da secretaría xeral, que será preceptivo o informe xurídico na aprobación de expedientes de contratación, modificación de contratos, revisión de prezos, prórrogas, mantemento do equilibrio económico, interpretación e a resolución dos contratos, disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP;
- o de fiscalización pola intervención municipal, de acordo co establecido na disposición adicional terceira apartado 3 da LCSP.

Quinto.- Dar conta deste decreto ao Pleno da Corporación municipal na próxima sesión ordinaria que celebre.

Santa Comba, na data da sinatura electrónica deste documento.

O alcalde

Dou fe, a secretaria xeral

Alberto Romar Landeira

Cristina Alonso Losada

FIRMAO POR Alberto Romar Landeira (FECHA: 14/06/2024 14:32:00)

Cristina Alonso Losada

(FECHA: 14/06/2024 13:48:00)

,

Decreto N.º: 916/2024 - Fecha de decreto: 14/06/2024

Versión imprimible

CVD: whyvHmiz1TTD4Hv/0iQ

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.